CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os minerais: características, propiedades e clasificación. - As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas. - Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna. - Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá. - Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia. - Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.

UD	Título da UD	Duración
10	Os ecosistemas (I)	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Coñecer os compoñentes dun ecosistema.	PE	90
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos.		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	10
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Os ecosistemas:

Contidos
- Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.

UD	Título da UD	Duración
11	Os ecosistemas (II)	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental.	PE	85
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer e adoptar hábitos sostibles.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	15
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Os ecosistemas: - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exemplos da contorna. - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
12	Proxecto científico	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos.	PE	45
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crezas infundadas.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	55
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, promovendo a capacidade de aprender por si mesmos e a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado coma o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaranse os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

*** PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:**

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, o alumnado ha de de ser capaz de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser empregados polo alumnado cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, ben sexa no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: os equipos eDIXGAL, Internet, os vídeos divulgativos e o encerado dixital serán utilizados como apoio constante ás explicacións

*** TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS:**

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo/a no coñecemento da realidade dacordo cos principios básicos do método científico. Ademais tratarase de:

- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.
- Achegar a utilidade práctica á materia.

*** DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES:**

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) **Introdución á unidade didáctica:** farase mediante preguntas ou un breve debate relacionado coa unidade no que participará todo o alumnado organizado nun gran grupo.
- b) **Análise dos coñecementos previos dos alumnado:** farase mediante actividades iniciais nas que se conecten contidos xa traballados en unidades anteriores con algún(s) dos novos a traballar.
- c) **Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade:** farase mediante actividades de desenvolvemento, extraídas na súa maioría do libro de texto ou do entorno virtual de aprendizaxe.
- d) **Resumo e síntese dos contidos da unidade:** farase mediante actividades finais ou de síntese, como por exemplo os mapas conceptuais ou os encrucillados.

*** TIPOS DE AGRUPAMENTOS:**

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán son:

- Gran grupo: para a participación diaria, a realización de debates...
- Equipos de traballo cooperativo: por parellas e en grupos pequenos (de 3 a 5 persoas). Este tipo de agrupamento será o escollido para os traballos expositivos e para as prácticas de laboratorio.
- Traballo individual: para a realización das tarefas diarias, das probas escritas e dalgúns traballos trimestrais.

*** CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS:**

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia durante a Hora de Ler, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TIC coa proxección de vídeos, traballos co equipo eDIXGAL ou na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, actividades e avaliacións interactivas e cuestionarios con diversas aplicacións (Kahoot, Jeopardy, Moodle...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Entorno virtual de aprendizaxe (EVA E-Dixgal) con libros virtuais das editoriais Netex-Smart e aulaPlaneta
Libro de texto: Bioloxía e Xeoloxía - 1º ESO - Anaya (só como apoio a algunhas unidades)
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Caderno do alumno/a (libreta de follas cuadrículadas ou arquivador con follas cuadrículadas)
Presentacións e outro material que se subirá ao entorno virtual de aprendizaxe
Dotación da aula (pizarra tradicional, ordenador, proxector, pizarra dixital, pupitres...)
Laboratorio (guións de prácticas, instrumentación e materiais propios)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases é unha aula convenientemente equipada cunha pizarra tradicional, un ordenador, un proxector, unha pizarra dixital e pupitres individuais, os cales se redistribuirán á hora de realizar traballos por parellas ou en grupos pequenos.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e dos materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar. Así mesmo, para traballar as unidades sobre as plantas e os

ecosistemas (unidades 3, 10 e 11) farase uso dos espazos naturais cos que conta o centro.

No que se refire ao traballo do alumnado na aula, as principais ferramentas que usará serán o libro virtual e as presentacións recollidas no entorno virtual de aprendizaxe xunto. Así mesmo, o alumnado tamén deberá traer a todas as clases un caderno (libreta de follas cuadrículadas ou, se o prefiren, un archivador con follas cuadrículadas, cuxas carillas deberán estar correctamente numeradas na esquina inferior dereita). Nese caderno o alumnado elaborará esquemas e realizará algunhas actividades (do libro de texto virtual ou físico). Este recurso será revisado semanalmente e solicitado antes do remate de cada unha das avaliacións parciais para a súa corrección. Xunto co caderno tamén se deberán entregar as fichas de actividades de consolidación, reforzo ou ampliación, as cales deberán ser gardadas polo alumnado trimestralmente no seu archivador persoal.

No caso de ter que pasar a un ensino non presencial, a canle para o envío de tarefas e para a comunicación será o entorno virtual de aprendizaxe E-Dixgal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é dobre: por un lado recoller información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia, e polo outro detectar posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha sesión de avaliación inicial fixada polo centro o martes 3 de outubro na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	5	5	10
Proba escrita	75	85	85	85	85	85	85	85	50	90
Táboa de indicadores	25	15	15	15	15	15	15	15	50	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	100
Proba escrita	85	45	81
Táboa de indicadores	15	55	19

Criterios de cualificación:

Neste apartado recóllense os criterios de cualificación relacionados cos distintos procedementos e instrumentos de avaliación.

O primeiro deses procedementos son as probas específicas, cuxo instrumento de avaliación son as probas escritas. Por norma xeral, en cada unha das avaliacións parciais faranse dúas probas escritas de dúas unidades cada unha delas. Estas probas cualificaranse de 0 a 10 puntos e versarán sobre os contidos das unidades traballadas, os cales están ligados aos distintos criterios de avaliación (tal e como se pode ver no apartado 3.2 e no 3.3 desta programación). En cada avaliación calcularase a media aritmética das notas das probas escritas, a cal representará o 70% da nota da avaliación. Para facer a media aritmética, en cada proba escrita deberase acadar unha cualificación mínima de 3 puntos. Se nalgunha das probas escritas se sorprende ao alumnado copiando, puntuaráselle cun 0 e será cualificado negativamente na avaliación correspondente, polo que deberá presentarse á recuperación desa avaliación (consultar o subapartado "Criterios de recuperación").

O segundo dos procedementos de avaliación son as tarefas e producións do alumnado, cuxos instrumentos de avaliación serán as rúbricas nalgunhas actividades e a cualificación de 0 a 10 puntos noutras. Dentro deste procedemento inclúense as actividades realizadas en E-Dixgal, as fichas con actividades de consolidación, reforzo ou ampliación, os traballos individuais e cooperativos, os informes das prácticas de laboratorio e os esquemas e actividades realizados no caderno. En cada avaliación calcularase a media aritmética das notas das distintas tarefas e producións, a cal representará o 30% da nota da avaliación. As actividades e traballos copiados e/ou entregados fóra de prazo, sempre e cando non haxa unha xustificación, puntuaranse cun 0.

En resumo, os criterios de cualificación son:

70% - Probas escritas

30% - Tarefas e producións

A nota de cada avaliación parcial establecerase, en xeral, por truncamento (número enteiro sen ter en conta as cifras decimais). Só se contemplará o redondeo ao enteiro superior a partir dun compoñente decimal de $x,75$ (é dicir, no caso de acadar un $6,5$ a nota da avaliación será dun 6 , pero no caso de acadar un $6,75$ ou máis, a nota será dun 7).

Para calcular a nota da avaliación final farase a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. De cara a calcular esta media, é preciso ter, como mínimo, un 5 en cada unha das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

A ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, indica que a sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final, que deberá realizarse a partir do 22 de xuño. É por iso que se modifica a presente programación, quedando redactados os criterios de recuperación do seguinte xeito:

No caso de que un alumno/a non supere algunha das avaliacións parciais, faráselle unha recuperación en forma de proba escrita á volta do período vacacional no caso da 1ª e da 2ª avaliación e a mediados de xuño no caso da 3ª avaliación. Esta última recuperación coincidirá coa proba final, á que se presentará o alumnado que non recuperase a 1ª e/ou a 2ª avaliación nas recuperacións anteriores e que tamén teña ou non a 3ª avaliación suspensa. A nota mínima nas probas de recuperación deberá ser dun 5 . Antes da realización da proba final faranse actividades de reforzo destinadas ao alumnado que ten que recuperar a materia e actividades de repaso e ampliación destinadas ao alumnado que xa aprobou a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao tratarse este curso do primeiro da correspondente etapa educativa, non se pode dar o caso de que o alumnado deba recuperar materia algunha pendente do curso anterior. O que si pode ocorrer é que o alumno/a teña promocionado dende o último curso de Educación Primaria sen ter superado a correspondente materia de Ciencias da Natureza. De suceder isto, realizarase un seguimento individualizado do alumno/a a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

No curso 2023-2024 atopámonos cun alumno que cursa 2º da ESO e que ten esta materia pendente, polo que neste caso levaranse a cabo as seguintes medidas, acordadas no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía:

A materia dividirase en tres partes (unha por avaliación). Informarase ao alumno do procedemento de avaliación e

proporcionaráselle o material necesario para a preparación da materia (temario de cada avaliación e actividades para a preparación da proba escrita). Farase unha proba escrita en cada avaliación. Para considerar aprobada a avaliación haberá que sacar como mínimo un 5. Cada alumno/a poderá optar entre realizar unicamente a proba escrita, que suporía o 100% da súa nota de avaliación, ou entregar as actividades para seren corrixidas e puntuadas, que, nese caso, suporían o 20% da nota e a proba escrita o restante 80%. A final de curso farase un exame final para recuperar as avaliacións suspensas. A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. A nota establecerase por truncamento (número enteiro sen ter en conta as cifras decimais) pero considerárase o redondeo ao enteiro superior a partir dun compoñente decimal de x,75. O alumnado de 2º ESO coa materia pendente será informado deste procedemento e faráselle un seguimento durante cada unha das avaliacións.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal e como se sinalou na introdución desta programación, neste curso contamos con 5 alumn@s que están repetindo curso, polo que se aplicarán as medidas de reforzo xa explicadas no apartado 1 e, se estas non fosen suficientes, realizarase unha adaptación curricular significativa nos casos en que sexa preciso.

Tamén contamos con tres alumnos con TDAH, aos cales se lles adaptarán as actividades a realizar e as probas escritas (con enunciados curtos, cun tamaño de letra e un interlineado axeitados, con exercicios de unir, completar, ordenar, sinalar...). As probas escritas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que, a medida que avance o curso, poida detectarse a necesidade de proporcionar este tipo de actividades individualizadas a outr@s alumn@s, establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis rápido. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na procura de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial								
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión da lectura, ademais de nas clases diarias, traballarase especialmente nas Horas de ler que coincidan coa materia. A igualdade de xénero traballarase tamén de xeito especial na segunda semana de febreiro, onde o alumnado levará a cabo diversas actividades para celebrar o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Museo da Historia Natural da USC	Esta actividade ten como obxectivo principal a observación de rochas e minerais, así como dos diferentes grupos de seres vivos que se poden atopar nos distintos ecosistemas.			X
Participación no proxecto "O monte nace na escola"	Esta actividade busca espertar no alumnado o interese pola observación da natureza e o seu coidado.		X	

Observacións:

Malia que esas actividades son as que se pretenden desenvolver dende a materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO no presente curso 2023 - 2024, a realización das mesmas dependerá de distintos factores. Así mesmo, en función das características do alumnado e do desenvolvemento do curso académico, poderán propoñerse outras.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na realización das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na realización de probas escritas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento será un caderno de aula. Neste caderno, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados